



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

A CIG INFORMA :

INCUMPRIMENTO DOS ACORDOS DE COMERCIAL

Nos acordos acadados coa Xerencia no pasado mes de Decembro, que foron causa directa da desconvocatoria da folga, no punto de FORMACIÓN quedaba fixado que o tempo de formación semanal programado non sería inferior a 120 minutos.

Polo tanto non é de recibo que a tres meses do acordo se pretenda recortar á metade o tempo semanal de formación, e converter a outra metade nunha hora de presión sobre o traballador polos seus resultados medidos.

O seguimento individual de resultados co coordinador non é formación e polo tanto non pode substituír á segunda hora semanal de formación.

Os compromisos hai que cumprilos.

Pola nosa parte non podemos asumir este cambio e imos denunciar o incumprimento porque sempre entendemos a formación como prioritaria e fundamental para o noso traballo.

Sección Sindical CIG

A Coruña 31 de Marzo de 2004